



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2020/12

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
MARTES, 8 DE SETEMBRO DE 2020**

No día de hoxe, ás **20:47 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN EXTRAORDINARIA** do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMON MARTINEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVAN BERMUDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Parte resolutiva:

- 1 Ratificación da inclusión dos asuntos na Orde do Día do Pleno
- 2 Expropiación dos bens e dereitos necesarios para executar o proxecto técnico "*Sendeiro dende Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo*". Resolución dos recursos de reposición interpostos. Desistimento do expediente para mellorar o proxecto técnico.

1) RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA DO PLENO.

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo e que é a que de seguido se indica:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.

O artigo 82.3 do ROF sinala que o Alcalde, por razóns de urxencia, debidamente motivada, poderá incluír na Orde do Día asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa; pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre eses asuntos, sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

As razóns que motivan a urxencia son as seguintes:

- Expropiación dos bens e dereitos necesarios para executar o proxecto técnico "*Sendeiro dende Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo*". Resolución dos recursos de reposición interpostos. Desistimento do expediente para mellorar o proxecto técnico

Estando o expediente ultimado para a súa resolución, cómpre acelerar a mesma para que poida entrar en vigor no máis breve prazo posible; e poder comezar a traballar no novo expediente expropiatorio.

No caso de convocar unha Comisión Informativa e posteriormente convocar a sesión plenaria, produciríase unha dilatación na tramitación do expediente, retrasando a súa entrada en vigor.

Por todas as razóns expostas, é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que:

Ratifique a inclusión na Orde do Día da sesión extraordinaria convocada para o **martes, día 8 de setembro de 2020, ás 20:45 horas**, o seguinte asunto:

- Expropiación dos bens e dereitos necesarios para executar o proxecto técnico "*Sendeiro dende Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo*". Resolución dos recursos de reposición interpostos. Desistimento do expediente para mellorar o proxecto técnico





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto comenta que a Alcaldía acaba de falar da urxencia, e aos concelleiros do seu grupo, convocóuselles para unha sesión extraordinaria, e non para unha sesión urxente. Entón na orde do día non hai máis que a parte resolutiva, e non entenden moi ben por que.

A Alcaldesa explica que seguindo o procedemento normal, antes do Pleno, debería terse celebrado unha Comisión Informativa. Como non houbo esa comisión informativa, agora o Pleno ten que ratificar a inclusión na Orde do Día destes asuntos. E aí se explica por que non a houbo. A Alcaldesa xa tivo unha reunión con Deloa, para ver os pasos para o desistimento e volver a pedir a subvención tan pronto se poida. É preciso renunciar aos fondos, para que se poidan destinar a outros fins. De aí a máxima urxencia, en tratar este asunto no pleno.

D. Julio M. D. Paradela Busto non entende se vamos a desistir dun expediente, porque hai que resolver os recursos de reposición.

A Alcaldesa sinala que agora non estamos debatindo ese punto; se non que estamos ante a ratificación da inclusión dese asunto na orde do día. En relación a ese tema, xa se tratará no segundo punto da Orde do Día.

O voceiro do GPM Mixto pregunta se o punto 2 da Orde do Día, en vez de ser un único asunto, se puidera dividir en dous asuntos na Orde do Día. Porque o GPM Mixto ten unha postura diferente en relación ao que se vai acordar no desistimento e na resolución dos recursos de reposición.

A secretaria-interventora explica que neste intre non se pode cambiar a orde do día do pleno extraordinario.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e catro (4) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a inclusión na Orde do Día da sesión extraordinaria convocada para o martes, día 8 de setembro de 2020, ás 20:45 horas, o seguinte asunto:

- **Expropiación dos bens e dereitos necesarios para executar o proxecto técnico “Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo” . Resolución dos recursos de reposición interpostos. Desistimento do expediente para mellorar o proxecto técnico**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2) EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA EXECUTAR O PROXECTO TÉCNICO “SENDEIRO DENDE PONTE SAN FRANCISCO A CARABEIRAS. PARALELO RÍO LOBO”. RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS. DESISTIMENTO DO EXPEDIENTE PARA MELLORAR O PROXECTO TÉCNICO”

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo e que é a que de seguido se indica:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA: Expropiación dos bens e dereitos necesarios para executar o proxecto técnico “*Sendeiro dende Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo*” . Resolución dos recursos de reposición interpostos. Desistimento do expediente para mellorar o proxecto técnico.

Mª TERESA VILLAVERDE PAIS, Alcaldesa do Concello de Lousame, propoño ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO

4

<<O Pleno Corporativo, á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Antecedentes Administrativos:

- 1 Proxecto técnico denominado “*Sendeiro dende Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo*”, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.
- 2 Orzamento 2020, onde figura consignación orzamentaria para o investimento, que será financiado do seguinte xeito:
 - a. Agader-Deloa: 45.381,32 €
 - b. Concello de Lousame: 14.488,50 €
 - c. Total investimento: 59.869,62 €
- 3 Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020 pola que se aproba o proxecto técnico denominado “*Sendeiro dende Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo*”, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.
- 4 Informe técnico relativo á valoración económica dos bens e dereitos a expropiar, que ascende a 25.390,58 €.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 5 Providencia da Alcaldía do 07.06.2020, ordenando a incoación do expediente expropiatorio, emisión de documento contable RC para a expropiación e a emisión dos informes oportunos.
- 6 Documento contable RC do 07.06.2020, por importe de 25.390,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432.60000
- 7 Informe da Secretaría-Intervención núm. 97 do 07.06.2020 relativo á aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 8 Proposta da Alcaldía, do 07.06.2020, de adopción de acordo polo Pleno Corporativo.
- 9 Ditame favorable da Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria sobre a proposta de acordo, do día 11.06.2020.
- 10 Acordo do Pleno Corporativo, do 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 11 Publicación no Taboleiro de Edictos, o día 19.06.2020, da aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 12 Publicación no BOP núm. 91 do 19.06.2020, da aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 13 Publicación no xornal La Voz de Galicia do 23.06.2020 de anuncio da aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 14 Publicación no BOE do 26.06.2020 de anuncio de notificación da aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 15 Notificacións aos titulares das parcelas afectadas (45 parcelas)
- 16 Isidro Nieto-Caamaño y Morata-Gómez presenta alegación (RE 1074 do 02.07.2020)
- 17 A Asociación de Veciños O Souto de Vilar de Tállara presenta alegación (RE 1108 do 09.07.2020)
- 18 José María Domínguez Pena presente recurso potestativo de reposición (RE 1135 do 14.07.2020) contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 19 M^a del Pilar Piñeiro González presenta recurso potestativo de reposición (RE 1158 do 15.07.2020) contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 20 Josefa González Campos presenta recurso potestativo de reposición (RE 1159 do 15.07.2020) contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 21 Pilar Agrelo Castro presenta alegación (RE 1149 do 15.07.2020)
- 22 José Manuel Mariño Mariño presenta recurso potestativo de reposición (RE 202099900000148 do 24.07.2020 contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 23 Informe do Arquitecto Técnico Municipal do día 31.08.2020.
- 24 Informe do Servizo Técnico externo (que redactou o proxecto técnico denominado “Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo”) do día 02.09.2020.
- 25 Providencia da Alcaldía, ordenando a emisión de informe pola Secretaría-Intervención.
- 26 Informe da Secretaría-Intervención núm. 156 do 03.09.2020.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: Visto o proxecto técnico denominado “**Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo**”, cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018. Este proxecto técnico inclúe a relación de titulares, bens e dereitos afectados.

Visto que o anterior proxecto técnico foi aprobado por Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020. E que a aprobación da relación de titulares, bens e dereitos afectados implica a declaración de utilidade pública e a necesidade da ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos de expropiación forzosa, conforme dispoñen os artigos 90 e 94 do RD lexislativo 781/1986, do 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa.

O Pleno Corporativo, previo ditame favorable da Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, acordou, na sesión que tivo lugar o día 17.06.2020, o seguinte:

<<Primeiro: Estimar necesaria a realización da obra denominada “Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo”, con arranxo ao proxecto técnico aprobado, considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras nel contempladas aos efectos da súa expropiación, de conformidade cos artigos 94 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril) e 10 da Lei de Expropiación Forzosa do 1954.

***Segundo:** Aprobar inicialmente a relación de titulares, bens e dereitos afectados incluída no proxecto da obra “Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Rojo Martínez, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RD Lexislativo, 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos mesmos aos efectos de expropiación forzosa.*

***Terceiro:** Iniciar a tramitación do procedemento expropiatorio para a obtención dos bens afectados, e no cumprimento do disposto nos artigos 18 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, abrir un prazo de información pública durante quince días hábiles para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán estar fundamentados.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Aos únicos efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

A estes efectos, practicaranse as notificacións individualizadas aos interesados e darase publicidade do acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello en nun dos diarios de maior circulación da Provincia.

Cuarto: Tramitar o procedemento expropiatorio con cargo á partida orzamentaria 432.60000 do Orzamento vixente.

Quinto: Delegar na Alcaldía-Presidencia as competencias que lle correspondan ao Pleno para a tramitación e execución deste procedemento expropiatorio.>>

Segundo: Efectuado o período de información pública (con notificación aos titulares das parcelas, notificación a través de anuncio no Taboleiro Edictal Único do BOE, publicación no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no Boletín Oficial da Provincia e publicación nun xornal), presentáronse catro recursos de reposición contra o acordo plenario do día 17.06.2020:

- Recurso interposto por José María Domínguez Pena (RE 1135 do 14.07.2020)
- Recurso interposto por M^a del Pilar Piñeiro González (RE 1158 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por Josefa González Campos (RE 1159 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por José Manuel Mariño Mariño (RE 202099900000148 do 24.07.2020)

Os recursos foron interpostos no prazo outorgado, polo que deben ser admitidos e pronunciarse sobre o fondo do asunto.

Terceiro: Como os catro recursos de reposición presentados son practicamente idénticos, serán tratados de modo conxunto.

Cuarto: O primeiro motivo de impugnación é o seguinte: **A inexistencia dun plan urbanístico (PXOM ou outros plans dotacionais/infraestruturas) supón a inexistencia de declaración de utilidade pública ou interese social.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que o artigo 10 da LEF indica que a utilidade pública enténdese implícita na expropiación de inmobles en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio. Para os recorrentes, “ese carácter implícito da utilidade pública ou interese social previsto na lei refírese a tales plans, que no caso do PXOM ou outros plans dotacionais ou de infraestruturas, teñen o seu propio proceso de información pública”. “Non existindo (...) declaración de utilidade pública ou interese social, o trámite carece de validez”.

Os recorrentes parecen entender que só os plans urbanísticos habilitarían ás entidades locais a realizar unha expropiación, porque eses instrumentos de planeamento levan implícita a declaración de utilidade pública ou interese social.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Pero isto non é así. Un procedemento expropiatorio pode ter a súa orixe na execución dun instrumento de planeamento (dando lugar ao que se coñece como *expropiacións urbanísticas*); pero tamén pode ter a súa orixe na execución dun plan de obras.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala:

<<Así pois, a utilidade pública das obras municipais declárase de maneira implícita nunha norma con rango de lei, sen prexuízo de que noutras leis sectoriais tamén se recoñeza para determinadas actuacións, como poden ser as de carácter urbanístico, hidráulicas, estradas ... (e non só as de carácter urbanístico). Así tamén o ten recoñecido a xurisprudencia, ao dispor que "basta la aprobación de toda clase de obras municipales para que se entienda implícita – esto es sin necesidad de una expresa declaración al respecto- la declaración de utilidad pública de las mismas y la necesidad de ocupación de los terrenos que se determinen a efectos de expropiación forzosa sin que resulte precisa la aprobación de un plan urbanístico de cualquier clase para que la aprobación del proyecto o de la obra municipal implique la declaración de utilidad (STS de 8/07/198) (...) Así mesmo, no presente caso, e a fin de iniciar o expediente expropiatorio, someteuse a información pública a relación de titulares, bens e dereitos afectados, a fin de que os interesados poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo. Queda por tanto, garantida a audiencia aos interesados e o seu dereito a realizar alegacións>>

O artigo 10 da LEF sinala:

<<La utilidad pública se entiende implícita, en relación con la expropiación de inmuebles, en todos los planes de obras y servicios del Estado, Provincia y Municipio>>

O artigo 94 da TRRL preceptúa:

<<Las obras comprendidas en los planes de obras y servicios locales, incluidos los planes provinciales de cooperación, llevarán aneja la declaración de utilidad pública y la necesidad de ocupación de los terrenos y edificios en ellos comprendidos a efectos de su expropiación forzosa>>

A STS do 01/03/1999 (recurso 7829/1994) argumenta:

<<conforme determina el artículo 94 del Texto Refundido en materia de Régimen Local, aprobado por el Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, y artículo 10 de la Ley de Expropiación Forzosa que, a los efectos de legitimar la expropiación en materia municipal, no sólo admite los planes urbanísticos, sino que también se extiende a los proyectos de toda clase de obras y servicios municipales>>

A execución desta obra foi incluída no Estado de Gastos e Anexo de Investimentos do Orzamento Municipal do Concello de Lousame para o exercicio 2020, en concreto:

432	60000	Inversión novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
		Adquisición de terreos	
		Adquisición terreos Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras	27.000,00





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	60900	<i>Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao interese xeral</i>	
		<i>Agader - Deloa: Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras. Deloa: 45.381,32 + Concello: 14.488,50</i>	59.869,82
	Total 432	Información e promoción turística	86.869,82

AG	Econ.	Investimento	Importe	Concello	Outras AAPP
1532	61900	Pavimentación viarios en Guiende (Tállara) e outro. Deputación	43.397,91	-	43.397,91
1532	61900	Gandarela a Mina de San Fins (Agader + Concello)	66.251,13	11.498,13	54.753,00
160	60000	Adquisición terreos Depuradora A Silva	6.170,79	6.170,79	-
160	60900	Saneamento interior Filgueira (FCA Xunta)	18.623,24	-	18.623,24
165	61900	Renovación luminarias. Fase 2 (IDAE + Concello)	927.271,40	185.454,28	741.817,12
231	62500	Equipamento PAI: tronas e bañeiras	150,00	150,00	-
231	62500	Equipamento Centro de Día: mobiliario	3.850,00	3.850,00	-
337	60900	Aforro enerxético en edificios municipais	10.000,00	3.500,00	6.500,00
342	61900	Melloras nas instalacións deportivas	7.000,00	7.000,00	-
432	60000	Adquisición terreos sendeiro Ponte Abelendo a Carabeiras	27.000,00	27.000,00	-
432	60900	Sendeiro Ponte Abelendo a Carabeiras (Deloa + Concello)	59.869,82	14.488,50	45.381,32
453	60000	Adquisición de terreos estradas	18.112,00	18.112,00	-
920	62500	Adquisición mobiliario oficinas xerais	6.300,00	6.300,00	-
920	62600	Adquisición equipos informáticos oficinas xerais	5.000,00	5.000,00	-
920	63200	Substitución ventanais Casa Consistorial. Deputación	20.715,00	-	20.715,00
920	63200	Substitución luminarias Casa Consistorial. REE	9.000,00	-	9.000,00
TOTAIS			1.228.711,29	288.523,70	940.187,59

Por todo o exposto, este primeiro motivo de impugnación debe ser desestimado.

Quinto: O segundo motivo de impugnación é o seguinte: *Para a execución do investimento é preciso aprobar un Plan Especial de Dotacións.*

9

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que na aplicación do artigo 33.1.g) da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no suposto de construcións e instalacións para equipamentos e dotacións, é preciso aprobar un plan especial de dotacións regulado no artigo 71 desa Lei: *"É a figura de Plan Especial a que posúe a capacidade para ordenar o desenvolvemento de equipamentos públicos ou privados como os que se pretenden en solo rústico. É un plan desa natureza o que facultaría, posteriormente o uso da capacidade expropiatoria"*

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 31.08.2020, no que sinala que para a execución deste investimento non é preciso a tramitación dun Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas:

<<A obra que se pretende trata de dar servizo ó tránsito peonil que ata o de agora se leva a cabo pola servidume de pescadores do río Lobo sendo a obra principal o desbroce selectivo e a mellora do firme en distintos puntos (...) para mellorar ese tránsito sen xerar vial algún. Que pase a ser pública a franxa de 4 metros non implica de ningún xeito que se xere un vial. Non se trata polo tanto dun novo vial nen dunha infraestrutura ou dotación pública senón da mellora da citada servidume xerando un sendeiro mais accesible (...) sen xerar con elo un sistema local de infraestruturas>>

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que non é preciso a tramitación dun Plan Especial de Dotación e Infraestruturas:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<No presente caso, non resulta necesaria a aprobación de ningún instrumento de desenvolvemento urbanístico para a execución da actuación proxectada, pois lonxe de tratarse da implantación dunha dotación ou infraestrutura que deba estar previamente prevista no planeamento urbanístico, ou nunha expropiación de carácter urbanístico, trátase de adecuar ou mellorar o uso peatonal a través dun sendeiro que a normativa sectorial de augas xa impón na zona de servidume que fixa para a protección do dominio público hidráulico (...)

O uso previsto estaría en todo caso permitido segundo o disposto no artigo 35 da Lei 2/2016, de 2 de febreiro do Solo de Galicia, e no seu desenvolvemento a través do Real Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo que establece no seu artigo 50.1 letra c) como usos e actividades admisibles en solo rústico que: (...) Entre as actividades de ocio inclúese o disfrute con fins de esparcemento, (...) sendeirismo e outros, en base a actividades blandas (...) Poden implicar o simple tránsito peatonal, que require un mínimo acondicionamento para a súa práctica, como son pequenas obras integradas na paisaxe (pasos sobre canais, balizamento de sendas, miradores, etc) >>

Por todo o exposto, este segundo motivo de impugnación debe ser desestimado.

Sexto: O terceiro motivo de impugnación é o seguinte: **Non é preciso acometer a expropiación porque a lexislación de augas establece de modo xeral unha zona de servidume de cinco metros de anchura para uso público.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que non hai unha utilidade pública ou interese social obxectivo porque a lexislación en materia de augas xa establece de xeito xeral unha zona de servidume de cinco metros de anchura para uso público.

10

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala:

<<A existencia dunha servidume de paso en ningún caso impide á administración competente de dotar ou mellorar o acceso dos peóns a través dese paso previsto, nin a proxectar sendeiros ou paseos a carón dos ríos que en todo caso inciden na protección e conservación do dominio público hidráulico.

Así mesmo, trátase dunha actuación que se encontra autorizada pola propia autoridade competente nesta materia, Augas de Galicia (...)

Trátase dunha senda que se ben ocupa un ancho físico de dous metros, vai serpenteando á carón do río dentro da franxa dos 5 metros de servidume, polo que a afectación desta superficie resulta necesaria para o bo acondicionamento do terreo (...)

En todo caso, se unha vez rematada a execución das obras existise terreo sobrante que non resultase necesario, os interesados poderán solicitar a reversión do mesmo, nos termos establecidos nos artigos 54 e 55 da Lei de Expropiación Forzosa>>

O feito obxectivo que motiva a tramitación do expediente expropiatorio é a execución dun investimento, dunha obra, contida nun determinado proxecto técnico. A obra que se pretende acometer discorre por terreos que neste momento non son de titularidade municipal.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A lexislación contractual das Administracións Públicas esixe o requisito da dispoñibilidade dos terreos para a adxudicación e execución das obras públicas.

O artigo 236 da LCSP preceptúa:

<<1. Aprobado el proyecto y **previamente a la aprobación del expediente de contratación** de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y **la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución**. Asimismo se deberán comprobar cuantos supuestos figuren en el proyecto elaborado y sean básicos para el contrato a celebrar.

2. En la tramitación de los **expedientes de contratación** referentes a obras de **infraestructuras hidráulicas**, de transporte y de carreteras, **se dispensará del requisito previo de disponibilidad** de los terrenos, **si bien no se podrá iniciar la ejecución de las obras en tanto no se haya formalizado la ocupación en virtud de la vigente Ley de Expropiación Forzosa**.

3. En los casos de **cesión de terrenos o locales por Entidades públicas**, será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes.

4. Una vez realizado el replanteo se incorporará el proyecto al expediente de contratación.>>

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no seu informe 13/09 do 25.09.2009, ante a consulta do Concello de Benicásim sobre “cando debe esixirse o requisito da dispoñibilidade dos terreos e se tal requisito pode ser acreditado mediante unha cesión dos terreos (por propietarios particulares) necesarios para a execución do contrato de obra” responde:

<<Una de las características del contrato de obras **es que las mismas se ejecuten en un bien propiedad del órgano de contratación**. A tal fin la Ley de Contratos del Sector Público en su artículo 110.1 dispone que aprobado el proyecto y previamente a la tramitación del expediente de contratación de la obra, **se procederá a efectuar el replanteo del mismo**, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y **la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución**, que será requisito indispensable para la adjudicación en todos los procedimientos, señalando el apartado 2 la excepción referida a tal requisito en los expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte y de carreteras, en los que se dispensará del requisito previo de disponibilidad de los terrenos. **Respecto de los casos de cesión de terrenos o locales el apartado 3 exige que tales cesiones se efectúen por Entidades públicas**, indicando que será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes>>

Por todo o exposto, este terceiro motivo de impugnación debe ser desestimado.

Sétimo: O cuarto motivo de impugnación é o seguinte: **O proxecto non foi obxecto de avaliación de impacto ambiental**.

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que ao non elaborar o proxecto coma un Plan Especial de Dotación de Infraestruturas, non foi obxecto da avaliación de impacto ambiental, o que supón o incumprimento da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 31.08.2020, no que sinala que para a execución deste investimento non é preciso someter o proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental:

<<O procedemento de avaliación do impacto ambiental aplícase a proxectos, tanto públicos como privados, que consisten en realizar obras, instalación ou calquera outra actividade con efectos ambientais significativos. A Lei 21/2013 distingue dous procedementos de avaliación do impacto ambiental en función do tipo de proxectos de que se trate: avaliación de impacto ambiental ordinaria para as actividades contidas no anexo I (...) e avaliación de impacto ambiental simplificada, para as actividades contidas no anexo II (...). As obras proxectadas non se atopan incluídas dentro de ningún dos anexos I e II da Lei (...)>>

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que *<<as obras proxectadas non se encontran suxeitas ao trámite de avaliación de impacto ambiental, segundo o disposto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental (artigo 7 en relación cos Anexos I e II)>>*

Por todo o exposto, este cuarto motivo de impugnación debe ser desestimado.

Oitavo: O quinto motivo de impugnación é o seguinte: **Non consta autorización de Patrimonio Cultural**

Nos catro recursos de reposición presentados sinalase que non consta autorización do órgano con competencias en materia de patrimonio cultural, para a realización de obras e actuacións sobre 5 muíños.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 31.08.2020, no que sinala que para a execución deste investimento non é preciso obter autorización de Patrimonio Cultural:

<<As obras proxectadas non se atopan na área de influencia de ningún elemento patrimonial catalogado polo que non se require autorización do Servizo de Patrimonio Cultural. De tódolos xeitos os muíños e outras construcións no entorno non están afectados polas obras polo que se nalgún momento se chegaran a catalogar non se verían prexudicados polas actuacións>>

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A execución das obras definidas no proxecto non afecta a ningún elemento que se encontre catalogado ou protexido nalgún instrumento de planeamento ou outro de carácter vinculante para o Concello, que determine a inviabilidade da actuación>>

Por todo o exposto, este quinto motivo de impugnación debe ser desestimado.

Noveno: O sexto motivo de impugnación é o seguinte: **existe unha contradición entre a designación do proxecto técnico e a realidade, que pode implicar irregularidades no procedemento de obtención da subvención.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinalase que existe unha contradición entre a denominación do proxecto e a realidade; e que isto podería implicar irregularidades no procedemento de obtención da subvención.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O proxecto técnico que motiva o expediente expropiatorio denomínase “Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo”; pero existe un erro nesa denominación, posto que o sendeiro parte dende a Ponte de Abelendo.

No Orzamento Municipal, para o exercicio 2020, contéplase o nome correcto da actuación ou investimento:

432	60000	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
		Adquisición de terreos	
		Adquisición terreos Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras	27.000,00
	60900	Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao interese xeral	
		Agader - Deloa: Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras. Deloa: 45.381,32 + Concello: 14.488,50	59.869,82
	Total 432	Información e promoción turística	86.869,82

Sen embargo, ese erro na denominación do proxecto, non afecta á definición do investimento. O proxecto técnico é un conxunto de documentos (memoria descritiva e xustificativa, planos de conxunto e detalle, pregos de prescricións técnicas, orzamentos...); e todo ese conxunto é o que define a actuación ou investimento que se pretende acometer.

Por outra banda, este investimento está parcialmente subvencionado. En relación á alusión que fan os catro recorrentes a presuntas irregularidades no procedemento de concesión da subvención, son cuestións totalmente alleas ao expediente expropiatorio e ao acto administrativo impugnado (acordo plenario do día 17.06.2020); que non son competencia nin corresponde a súa resolución ao Pleno Corporativo.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A alegación relativa á falsidade en documento público excede do contido propio do proxecto de obra e do procedemento expropiatorio (...) cuxo contido (...) corresponderá examinar á autoridade competente, previa tramitación da normativa que corresponda>>

Por todo o exposto, este sexto motivo de impugnación debe ser desestimado.

Décimo: O sétimo motivo de impugnación é o seguinte: **vulneración do dereito á intimidade e propia imaxe.**

En dous, dos recursos de reposición (os presentados por José M^a Domínguez Pena e José Manuel Mariño Mariño), indícase que o proxecto contempla a instalación dun panel miradoiro panorámico preto da súa vivenda, considerando que vai sinalizar a existencia dun serradoiro e muíño hidráulico. Isto convertería o seu domicilio nun reclamo turístico, vulnerando o seu dereito á intimidade e á propia imaxe.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A adecuación do sendeiro para o paso peonil en ningún caso atenta contra o dereito á intimidade de ningún interesado. A execución do mesmo respecta a propiedade dos bens e dereitos que non resultan afectados na relación de bens e dereitos afectados, que permanecen inalterables>>.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Por todo o exposto, este sétimo motivo de impugnación debe ser desestimado.

Undécimo: O oitavo motivo de impugnación é o seguinte: **incumplimento da obriga de formular relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación.**

En dous, dos recursos de reposición (os presentados por M^a del Pilar Piñeiro González e Josefa González Campos), indícase que non existe unha “Relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación”.

- M^a del Pilar Piñeiro González sinala que é titular ao 100% das fincas catastrais 223 e 224 do polígono 502. Estas fincas aparecen erroneamente relacionadas no Anexo do acordo plenario do 17.06.2020 como de titularidade de Josefa González Campos e Isidro Caamaño Castro y otro. Á vista do erro, considera que hai “ausencia de relación concreta e individualizada de propietarios e bens”, o que causa indefensión.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A existencia de erros na relación de titulares, bens e dereitos afectados non determina a nulidade do procedemento expropiatorio, nin supón sen máis a retroactividade do expediente, toda vez que se trata de información que pode ser corrixida no trámite de información pública>>

O artigo 19 da LEF establece ao respecto:

<<1. Cualquier persona podrá aportar por escrito los datos oportunos para rectificar posibles errores de la relación publicada u oponerse, por razones de fondo o forma, a la necesidad de la ocupación. En este caso, indicará los motivos por los que deba considerarse preferente la ocupación de otros bienes o la adquisición de otros derechos distintos y no comprendidos en la relación, como más conveniente al fin que se persigue.

2. En el caso previsto en el párrafo segundo del artículo diecisiete, cualquier persona podrá formular alegaciones, a los solos efectos de subsanar posibles errores en la relación.>>

- Josefa González Campos sinala é titular dunha peza no muíño “Da Carabeira” e de 4 horas de moenda no muíño “Da Devesa”, que se ven afectados polo expediente expropiatorio, sen que tales dereitos reais figuren no Anexo do proxecto “Relación de titulares, bens e dereitos afectados”. O proxecto afecta á canle dos muíños e imposibilita o seu uso futuro. A omisión da identificación dos dereitos reais e titulares en relación aos muíños, xera indefensión e supón o incumplimento da obriga do Concello de formular relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<Dispón o artigo 3 da LEF que salvo proba en contrario, a Administración expropiante considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que so pode ser destruída xudicialmente, ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, a quen o sexa pública e notoriamente.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo o artigo 4 da LEF, sempre que así o soliciten, acreditando a súa condición debidamente, entenderanse tamén as dilixencias cos titulares de dereitos reais e interese económico directo sobre a cousa expropiable, así como cos arrendatarios cando se trate de inmobles rústicos ou urbanos.

Aínda así, os titulares de dereitos ou intereses sobre o ben expropiado, salvo os arrendatarios rústicos ou urbanos, non percibirán indemnización independente, sen prexuízo de que poidan facelos valer sobre o prezo derivado da expropiación principal. (...)

Da documentación presentada por Josefa González Campos (...) non acredita a titularidade de dereitos afectados ao seu favor.

En todo caso, a execución do proxecto non determina a inviabilidade dos dereitos alegados. Manteranse os cursos de auga existentes e os posibles dereitos existentes sobre eses canais, ou sobre os muíños existentes, que non resultarán afectados>>

Por todo o exposto, este oitavo motivo de impugnación debe ser desestimado.

Dúo décimo: Tal e como se argumentou nos fundamentos xurídicos cuarto a undécimo deste acordo, os motivos de impugnación nos que se basean os recursos de reposición deben ser desestimados.

Sen embargo, no período de información pública do expediente expropiatorio, afloraron feitos que aconsellan modificar o proxecto técnico, co obxecto de:

- Concretar, para garantir o exclusivo acceso peonil da senda.
- Especificar con concisión o respecto absoluto ao medio natural e ao patrimonio, nas actuacións a levar a cabo para executar o proxecto.
- Concretar o contido dos paneis informativos que se contemplan no proxecto técnico; xa que pola indefinición da descrición no proxecto actual, causan preocupación nunha familia.

15

O artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas preceptúa que:

<<En los procedimientos iniciados de oficio, la Administración podrá desistir, motivadamente, en los supuestos y con los requisitos previstos en las Leyes>>

Á vista dos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Desestimar os seguintes recursos de reposición contra o acordo plenario do día 17.06.2020:

- Recurso interposto por José María Domínguez Pena (RE 1135 do 14.07.2020)
- Recurso interposto por M^a del Pilar Piñeiro González (RE 1158 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por Josefa González Campos (RE 1159 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por José Manuel Mariño Mariño (RE 202099900000148 do 24.07.2020)

polos motivos indicados no fundamento xurídico cuarto a undécimo deste acordo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Na aplicación do artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, desistir do actual expediente expropiatorio, polos motivos indicados no fundamento xurídico núm. 12 deste acordo.

Terceiro: Notificar a presente resolución aos interesados, co réxime de recursos aplicables.

Lousame, na data da sinatura dixital

A Alcaldía, M^a Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

D. Julio M. D. Paradela Busto, voceiro do PSdG-PSOE, non entende se o Pleno se vai pronunciar sobre o desistimento do proxecto técnico, por que hai que contestar as alegacións que fixeron certos veciños. Cando se presente o novo proxecto, que a xente alegue o que estime oportuno. Non entende por que hai que desestimar unhas alegacións, e logo se vai desistir do proxecto técnico. Gustaríalle que llo aclarese a Alcaldesa.

O Sr. Paradela Busto tampouco entende as datas. Dise que hai 20 días para alegar... pero hai alegacións do 23 de xuño, do 14 de xullo, e xa estamos a 7 de setembro. Por iso non entende a que ven esta premura en resolver estas alegacións, cando non se resolveron en tempo en forma. Tampouco entende coma ante a solicitude do GPM do PSdG-PSOE dun pleno extraordinario para tratar este asunto.... se deixen esgotar os prazos, e se convoque antes un pleno extraordinario pero non urgente, para resolver antes as alegacións, que desestimar o expediente.

A Alcaldesa preguntalle á Secretaría se os prazos para responder ás alegacións foron respectados.

A Secretaria-Interventora responde que o prazo para resolver os recursos de reposición é dun mes, dende que se presentan. Neste procedemento houbo que facer 46 notificacións individuais, que foron recibidas en momentos temporais diferentes. Esperouse a que finalizase todo o período de información pública, que se computa dende que cada interesado recibe a súa notificación, para tratar todas as alegacións e todos os recursos, e poder ser informados e resoltos á vez. Houbo interesados que recibiron a notificación individual a finais de xuño e outros a finais de xullo... Non recorda cando foi a data de recepción da última notificación, pero os acuses de recibo foron tamén remitidos coa documentación do Pleno.

A Alcaldía recorda como unha traballadora do Concello tivo que contactar con Correos xa que non daban chegado uns acuses de recibo... E non se sabía se os interesados os recibiran ou non... Finalmente houbo que ir persoalmente a Correos até que eses acuses de recibo chegaron e foi posible comprobar a data da notificación.

A Alcaldía tamén explica, que antes de desistir, que o fai de motu propio, non porque llo diga ninguén, é preciso solventar os recursos de reposición que os interesados interpuxeron contra o primeiro acordo plenario. É dicir, se resolven as alegacións que se presentaron, e logo o Pleno decide ou seguir adiante co expediente ou desistir do mesmo, para mellorar o proxecto técnico.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do GPM Mixto di que dende o BNG están a favor dos recursos presentados polos veciños nalgúnhas cousas. Noutras non, como poder ser a alegación a falsidade documental, en relación a onde empeza o sendeiro e onde remata, porque xa no Pleno se dixo que estaba mal o nome... E todos os concelleiros votaron, sendo conscientes de que o nome do proxecto técnico estaba mal. Pero quere saber, cando se pediu a subvención, que proxecto se mandou: se dende Ponte San Francisco ou dende Ponte Abelendo.

A Alcaldía contesta que se presentou ese proxecto, advertindo de que había un erro no título, pero como se esgotaban os prazos non daba tempo a cambialo. Incluso preguntou se era necesario corrixir o proxecto técnico. E dixeron que non había ningún problema porque o título do proxecto forra erróneo en relación a seu contido: que por iso non ía perderse a subvención. Que o importante era o contido no proxecto técnico, non o seu título.

O voceiro do GPM Mixto tamén quere saber se a Fundación Blanco Monroy foi notificada. Xa que ten noticias por varios patronos da función de que eles non teñen constancia de ter recibido ningunha notificación. E non tiñan nin idea de que se lle ía expropiar uns terreos.

A Alcaldía contesta que a Fundación Blanco Monroy foi notificada, e que a xustificación consta na documentación do expediente que foi remitida aos voceiros dos grupos políticos municipais. A Alcaldía descoñece se a persoa que recibiu a notificación, convocou unha xunta para informar ao resto dos membros da fundación. O Concello o que sabe é que si enviou esa notificación. Ademais fíxose unha notificación na prensa, no Boletín Oficial da Provincia, no Boletín Oficial do Estado....

O voceiro do GPM Mixto tamén pregunta polas cesións voluntarias ás que fixo alusión no seu momento a Alcaldesa, e que no expediente expropiatorio non están por ningún lado...

17

A Alcaldía di que non poden obrar no expediente expropiatorio, porque non forman parte do mesmo. Había xente disposta a ceder gratuitamente sen ningún problema, pero logo o Concello recibiu información de que había xente que non coñecemos, que non está aquí, que está en Bilbao, en Barakaldo, en Barcelona... Logo observamos que algunha desas persoas que está disposta a ceder non ten a documentación en regra para poder efectuar esa cesión... Entón, ante todas estas circunstancias, decidiuse acudir á expropiación. Entón, houbo xente que manifestou o seu compromiso de cesión, pero non se seguiu traballando nesta vía, polos problemas indicados; e o Concello, inclinouse pola tramitación do expediente expropiatorio.

O voceiro do GPM Mixto insiste en que se algún veciño xa lle cedeu esa propiedade ao Concello, agora non tería sentido pagarlle....

A Alcaldía contesta que non, que llo volve explicar. Cando se empezou a traballar neste proxecto técnico no ano 2018, empezouse a estudar o parcelario afectado, e empezouse a ter contacto cos veciños, algúns dos cales manifestaron a súa intención de ceder gratuitamente eses terreos ao Concello. Precisamente facendo este traballo, foi cando o Concello se percatou de que localizábase a uns propietarios pero con outros non había xeito de contactar con eles. Tamén se deron conta de que algúns propietarios non tiñan a documentación en regra para poder efectuar esa cesión. Así, á vista da cantidade de xente que quedaba fóra desa cesión voluntaria dos terreos, optouse por abandonar esta vía e adquirir os terreos tramitando un expediente expropiatorio, por seguridade xurídica.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do GPM Mixto di que segundo o informe do arquitecto municipal non se vai ver afectado ningún muíño. Pero el considera que as canles dos muíños si se van ver afectadas. Non quere que aconteza como no anterior tramo, onde se lle puxeron tubarías ás canles dos muíños. O BNG considera que afecta a Patrimonio, e puxeron un recurso ante ese organismo, e lles contestaron que alí non constaba ningún proxecto técnico... E o BNG remitiulle o proxecto técnico, e están á espera do que poidan decidir.

A Alcaldesa sinala que o arquitecto técnico tamén contesta ás alegacións referidas a Patrimonio, e gustaríalle que o voceiro do GPM Mixto tamén o dixera. Eses muíños non constan nin no PXOM, nin no inventario, nin no rexistro da Xunta... Constarán... O Concello de Lousame vai facer o posible para que consten, se a xente o pide. Vaise intentar con Patrimonio. Se a xente ten interese en que consten, constará a petición do Concello de Lousame nese sentido. Logo Patrimonio, xa decidirá se deben ser incluídos no Catálogo, ou non. Pero as actuacións contempladas no proxecto técnico, e así o di tanto o técnico municipal, como os técnicos externos, en ningún momento afectan aos muíños.

A Alcaldesa di que a única canle que se conservaba, que funcionaba mentres existía unha persoa encargada de facer ese traballo, esa canle si que permanece, e está nunha propiedade municipal. Gustaríalle que a acompañasen os dous voceiros da oposición, para facer o percorrido dese sendeiro, impracticable neste momento, e ver as canles que alí hai. En canto á Augas de Galicia, o que a ela lle trasladaron dese organismo, é que o normal é que todos aqueles elementos artificiais que impidan o libre transcurso da auga, non deben ser conservados. Incluso ela preguntou a Augas de Galicia se no seu rexistro figuraba ese aproveitamento... Polo tanto o obxectivo do Concello non é danar nada, senón todo o contrario.

O voceiro do GPM Mixto di que a intención igual non é danar, pero se a actuación contempla botar zahorra enriba dos restos que quedan desas canles.... O claro exemplo está na parte do sendeiro que está feita, onde está a canle enterrada. E esta é a preocupación do BNG, que se enterren os vestixios arqueolóxicos que existen no Concello de Lousame.

A Alcaldesa pídelles ao Sr. Moledo Carreño e ao Sr. Paradela Busto que a acompañen a visitar aquela zona e comprobar in situ o que hai e a actuación que se pretende acometer. Dálle a súa palabra ao Sr. Moledo Carreño de que non se vai enterrar ningunha canle. É máis, se aparece unha canle, e lle deixan, a vai restaurar. Igual que tamén lle da a súa palabra de que se fixeron xestións para recuperar o Castro de Comparada; onde xa se fixeron trámites con Bantegal, pero a Administración é lenta...

O Sr. Paradela Busto di que xa o acaban de comprobar.

A Alcaldesa replica que tamén ás veces se cometen erros.... Pídelles ao Sr. Paradela que non a interrompa, na súa exposición.

O Sr. Paradela Busto coincide en que se cometen erros; xa que antes o Sr. Moledo Carreño aludiu a unha senda anterior, pero na solicitude desta subvención non aparece que exista ningunha senda na parroquia de Tállara. E como isto, hai moitas cousas.

A Alcaldesa pídelles que lle aclare, que non entendeu o que quere dicir o Sr. Paradela Busto.

O Sr. Paradela Busto di que fala só, que elucubra.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa pídelle que aclare o que quixo dicir, xa que fixo unha alusión á súa persoa, e ela non entende por que está dicindo esas verbas.

O Sr. Paradela Busto comenta que se está falando e comparando coa senda anterior....

A Alcaldesa di que a senda anterior non é peonil, non ten nada que ver coa actuación que agora se quere facer. Peonil só vai haber unha.

O Sr. Paradela Busto pregunta se entón a outra senda non é peonil.

A Alcaldesa responde que non; no seu momento, e pode accederse ao expediente, esa actuación fíxose para dar servizo a certas fincas que non tiñan outro acceso.

O Sr. Paradela Busto insiste en que até no Boletín Oficial do Estado fálase de sendeiro de Ponte San Francisco a Carabeiras.

A Alcaldesa di que lle volve explicar ao Sr. Paradela Busto, sen ningún problema. Dese tema é coñecedor o Sr. Paradela Busto, xa que preguntou na Comisión Informativa e preguntou no Pleno e xa se contestou a iso... Cando presentou o proxecto técnico, ante o organismo que outorga a subvención, advertíuselle que había un erro no título. Dixeron que non era importante, que o que se ía valorar era o contido do proxecto técnico. E o proxecto técnico lles gustaba, así llo fixeron saber á Alcaldesa, e que era unha pena que desistise do proxecto... Pero se hai persoas preocupadas, a Alcaldesa non quere seguir a toda costa... Así que se desiste deste expediente, e se volve a reiniciar.

O voceiro do GPM Mixto indica que o recurso interposto por José Manuel MM, non está totalmente respondido... Pensouse que era un corta e pega, pero non é así. É moito máis amplo, e hai cousas que quedan sen contestar.

A Alcaldesa coincide en que efectivamente é moito máis amplo.... Pero hai cousas que non se contestan porque non son obxecto deste expediente expropiatorio. De todos os xeitos, esa persoa unha vez que reciba a resposta por parte do Concello, se non está de acordo, ten capacidade de reacción.

Xa para rematar, o voceiro do GPM Mixto quere traer a colación esa famosa reunión que houbo cunha asociación veciñal. Gustaríalle saber como foi alí a Alcaldesa, en calidade de que. Xa que falou coa presidenta desa Asociación e manifestoulle que a presidenta non convidou á Alcaldesa a ir a esa reunión. Senón que a convocara unha persoa que pertence a esa Asociación.

A Alcaldesa explica que a ela chamárona pedindo información sobre este proxecto técnico, que había veciños que pedían que houbera unha reunión para tratar deste tema, e que lle gustaría coñecer as dúas versións: a versión das persoas que pedían a convocatoria, e a versión do Concello. A Alcaldesa, co obxecto de levar un apoio técnico que puidera resolver calquera dúbida que alí se puidese producir, pediulle a unha das persoas que pertence a esa unidade técnica que a acompañase a esa reunión. Estivo só ao principio da reunión, aclarando que só ía para explicar o que se ía facer, o que poñía o proxecto, e que logo abandonaría a reunión, para que os veciños puidesen falar con liberdade. E así o fixo: expuxo o proxecto, quen quixo fixo preguntas e logo





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

marcharon. Esa foi a realidade. Ela non sabe quen lle dixo iso ao Sr. Moledo Carreño. Ela si sabe quen se dirixiu ao Concello, e foi da directiva desa Asociación.

O voceiro do GPM Mixto insiste en que a presidenta desa Asociación lle dixo que nin ela ni ninguén da Xunta Directiva invitara á Alcaldesa a ir a esa reunión.

A Alcaldesa aclara que ela é responsable do que ela di, e ela está dicindo a verdade. E dálle ao Sr. Moledo Carreño a súa palabra de que está dicindo a verdade. Para ela o que máis vale dunha persoa é a palabra. Aparte do respecto, educación e tolerancia. Dá a súa palabra de que a ela se lle convocou a asistir á dita reunión.

Por último, o voceiro do GPM Mixto refírese a un tema que xa saíu nun pleno anterior, sobre unhas palabras que alguén lle dixo a unha veciña de que *"non se podía vivir tan tranquila"*. E non foi a Alcaldesa quen o dixo. Pero está neste Salón de Plenos a persoa á que se lle dixeran esas verbas e tamén está a persoa do grupo popular que as dixo. Entende que non é normal que se lle conteste así a un veciño.

A Alcaldesa indica que a contestación non é axeitada. Pero ela, e todos os que están na sala, cometen erros, imprecisións e hai que pedir desculpas e nada máis. Se algún compañeiro seu, que non o sabe, fixo esa afirmación, pois é unha afirmación que non debera de ter feito. E seguro que non ten ningún problema esa persoa, fóra do Pleno, de falar con esa outra persoa, que escribiu, de seguro, outras cousas moito máis graves, e pedirlle perdón. Está segura, porque non ten ningún compañeiro no seu grupo que non sexa capaz de facer iso.

O Sr. Paradela Busto quere facer unha nova pregunta. No caso de desestimarse o expediente, vaise modificar o proxecto... Entón calquera veciño poderá presentar alegacións a novo proxecto?

20

A Alcaldesa contesta que si. E poderán ser estimadas ou desestimadas.

O Sr. Paradela Busto di que entón segue existindo unha contradición; desestimar unhas alegacións dun proxecto que non vai ir adiante.

A Alcaldesa non entende onde ve esa contradición o Sr. Paradela Busto. O procedemento di que o hai que facer así. Se o Concello abre un prazo para que se fagan esas alegacións.... haberá que resolver esas alegacións.... E unha vez resoltas, o expediente pode continuar ou pode desistirse. A Alcaldesa non lle parecería ben que chegase ao Pleno, dixeran que vai reiniciar o expediente, e non lle contestase a ningunha das persoas que fixeron alegacións.... Non é unha cuestión de que lle pareza ben a ela ou non; é o que di a normativa de procedemento administrativo.

O Sr. Paradela Busto non entende cal é vantaxe de ir a unha expropiación forzosa. Porque pode haber xente que presente alegacións, pero haxa unha persoa que non foi notificada até máis tarde, e os primeiros teñen que esperar que se produza a notificación do segundo....

A Alcaldesa considera que se está volvendo ao mesmo, e se están reiterando os argumentos. Fanse as notificacións, e tamén hai publicacións no xornal, no Taboleiro, no BOP e no BOE. E unha vez producidos todos estes actos, os propietarios están notificados.

O Sr. Paradela Busto pregunta entón por que non se resolveron antes as alegacións....





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa insiste outra vez en que é preciso facer todos eses trámites: publicación no taboleiro, na prensa, no BOP, no BOE e notificación individual aos propietarios... E cando rematou todo este período de información pública, emitíronse os informes para poder resolver o Pleno as alegacións.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<O Pleno Corporativo, á vista dos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

Antecedentes Administrativos:

- 27 Proxecto técnico denominado "**Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo**", cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.
- 28 Orzamento 2020, onde figura consignación orzamentaria para o investimento, que será financiado do seguinte xeito:
 - a. Agader-Deloa: 45.381,32 €
 - b. Concello de Lousame: 14.488,50 €
 - c. Total investimento: 59.869,82 €
- 29 Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020 pola que se aproba o proxecto técnico denominado "**Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo**", cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018.
- 30 Informe técnico relativo á valoración económica dos bens e dereitos a expropiar, que ascende a 25.390,58 €.
- 31 Providencia da Alcaldía do 07.06.2020, ordenando a incoación do expediente expropiatorio, emisión de documento contable RC para a expropiación e a emisión dos informes oportunos.
- 32 Documento contable RC do 07.06.2020, por importe de 25.390,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432.60000
- 33 Informe da Secretaría-Intervención núm. 97 do 07.06.2020 relativo á aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 34 Proposta da Alcaldía, do 07.06.2020, de adopción de acordo polo Pleno Corporativo.
- 35 Ditame favorable da Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria sobre a proposta de acordo, do día 11.06.2020.
- 36 Acordo do Pleno Corporativo, do 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 37 Publicación no Taboleiro de Edictos, o día 19.06.2020, da aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 38 Publicación no BOP núm. 91 do 19.06.2020, da aprobación inicial do expediente expropiatorio.

21





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 39 Publicación no xornal La Voz de Galicia do 23.06.2020 de anuncio da aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 40 Publicación no BOE do 26.06.2020 de anuncio de notificación da aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 41 Notificacións aos titulares das parcelas afectadas (45 parcelas)
- 42 Isidro Nieto-Caamaño y Morata-Gómez presenta alegación (RE 1074 do 02.07.2020)
- 43 A Asociación de Veciños O Souto de Vilar de Tállara presenta alegación (RE 1108 do 09.07.2020)
- 44 José María Domínguez Pena presente recurso potestativo de reposición (RE 1135 do 14.07.2020) contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 45 M^a del Pilar Piñeiro González presenta recurso potestativo de reposición (RE 1158 do 15.07.2020) contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 46 Josefa González Campos presenta recurso potestativo de reposición (RE 1159 do 15.07.2020) contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 47 Pilar Agrelo Castro presenta alegación (RE 1149 do 15.07.2020)
- 48 José Manuel Mariño Mariño presenta recurso potestativo de reposición (RE 202099900000148 do 24.07.2020 contra o acordo plenario do día 17.06.2020, de aprobación inicial do expediente expropiatorio.
- 49 Informe do Arquitecto Técnico Municipal do día 31.08.2020.
- 50 Informe do Servizo Técnico externo (que redactou o proxecto técnico denominado "Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo") do día 02.09.2020.
- 51 Providencia da Alcaldía, ordenando a emisión de informe pola Secretaría-Intervención.
- 52 Informe da Secretaría-Intervención núm. 156 do 03.09.2020.

22

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro: Visto o proxecto técnico denominado "**Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo**", cun orzamento de execución por contrata de 59.869,82 €, redactado polo enxeñeiro Julio C. Rojo Martínez, en febreiro de 2018. Este proxecto técnico inclúe a relación de titulares, bens e dereitos afectados.

Visto que o anterior proxecto técnico foi aprobado por Resolución da Alcaldía 97/2020 do 28.02.2020. E que a aprobación da relación de titulares, bens e dereitos afectados implica a declaración de utilidade pública e a necesidade da ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos de expropiación forzosa, conforme dispoñen os artigos 90 e 94 do RD lexislativo 781/1986, do 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa.

O Pleno Corporativo, previo ditame favorable da Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, acordou, na sesión que tivo lugar o día 17.06.2020, o seguinte:

<<**Primeiro:** Estimar necesaria a realización da obra denominada "**Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo**", con arranxo ao proxecto técnico aprobado, considerando implícita a declaración de utilidade pública das obras nel contempladas aos efectos da súa expropiación, de conformidade





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

cos artigos 94 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril) e 10 da Lei de Expropiación Forzosa do 1954.

Segundo: Aprobar inicialmente a relación de titulares, bens e dereitos afectados incluída no proxecto da obra “Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Rojo Martínez, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RD Legislativo, 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos mesmos aos efectos de expropiación forzosa.

Terceiro: Iniciar a tramitación do procedemento expropiatorio para a obtención dos bens afectados, e no cumprimento do disposto nos artigos 18 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, abrir un prazo de información pública durante quince días hábiles para que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación publicada, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo que deberán estar fundamentados.

Aos únicos efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

A estes efectos, practicaranse as notificacións individualizadas aos interesados e darase publicidade do acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello en nun dos diarios de maior circulación da Provincia.

Cuarto: Tramitar o procedemento expropiatorio con cargo á partida orzamentaria 432.60000 do Orzamento vixente.

Quinto: Delegar na Alcaldía-Presidencia as competencias que lle correspondan ao Pleno para a tramitación e execución deste procedemento expropiatorio.>>

23

Segundo: Efectuado o período de información pública (con notificación aos titulares das parcelas, notificación a través de anuncio no Taboleiro Edictal Único do BOE, publicación no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no Boletín Oficial da Provincia e publicación nun xornal), presentáronse catro recursos de reposición contra o acordo plenario do día 17.06.2020:

- Recurso interposto por José María Domínguez Pena (RE 1135 do 14.07.2020)
- Recurso interposto por M^a del Pilar Piñeiro González (RE 1158 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por Josefa González Campos (RE 1159 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por José Manuel Mariño Mariño (RE 202099900000148 do 24.07.2020)

Os recursos foron interpostos no prazo outorgado, polo que deben ser admitidos e pronunciarse sobre o fondo do asunto.

Terceiro: Como os catro recursos de reposición presentados son practicamente idénticos, serán tratados de modo conxunto.

Cuarto: O primeiro motivo de impugnación é o seguinte: **A inexistencia dun plan urbanístico (PXOM ou outros plans dotacionais/infraestruturas) supón a inexistencia de declaración de utilidade pública ou interese social.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que o artigo 10 da LEF indica que a utilidade pública enténdese implícita na expropiación de inmobles en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio. Para os recorrentes, “ese carácter implícito da utilidade pública ou interese social previsto na lei refírese a tales plans, que no caso do PXOM ou outros plans dotacionais ou de infraestruturas, teñen o seu





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

propio proceso de información pública". "Non existindo (...) declaración de utilidade pública ou interese social, o trámite carece de validez".

Os recorrentes parecen entender que só os plans urbanísticos habilitarían ás entidades locais a realizar unha expropiación, porque eses instrumentos de planeamento levan implícita a declaración de utilidade pública ou interese social.

Pero isto non é así. Un procedemento expropiatorio pode ter a súa orixe na execución dun instrumento de planeamento (dando lugar ao que se coñece como *expropiacións urbanísticas*); pero tamén pode ter a súa orixe na execución dun plan de obras.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala:

<<Así pois, a utilidade pública das obras municipais declárase de maneira implícita nunha norma con rango de lei, sen prexuízo de que noutras leis sectoriais tamén se recoñeza para determinadas actuacións, como poden ser as de carácter urbanístico, hidráulicas, estradas ... (e non só as de carácter urbanístico). Así tamén o ten recoñecido a xurisprudencia, ao dispor que "basta la aprobación de toda clase de obras municipales para que se entienda implícita – esto es sin necesidad de una expresa declaración al respecto- la declaración de utilidad pública de las mismas y la necesidad de ocupación de los terrenos que se determinen a efectos de expropiación forzosa sin que resulte precisa la aprobación de un plan urbanístico de cualquier clase para que la aprobación del proyecto o de la obra municipal implique la declaración de utilidad (STS de 8/07/198) (...) Así mesmo, no presente caso, e a fin de iniciar o expediente expropiatorio, someteuse a información pública a relación de titulares, bens e dereitos afectados, a fin de que os interesados poidan aportar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos, ou opoñerse á ocupación ou disposición dos bens ou dereitos por motivos de forma ou de fondo. Queda por tanto, garantida a audiencia aos interesados e o seu dereito a realizar alegacións>>

24

O artigo 10 da LEF sinala:

<<La utilidad pública se entiende implícita, en relación con la expropiación de inmuebles, en todos los planes de obras y servicios del Estado, Provincia y Municipio>>

O artigo 94 da TRRL preceptúa:

<<Las obras comprendidas en los planes de obras y servicios locales, incluidos los planes provinciales de cooperación, llevarán aneja la declaración de utilidad pública y la necesidad de ocupación de los terrenos y edificios en ellos comprendidos a efectos de su expropiación forzosa>>

A STS do 01/03/1999 (recurso 7829/1994) argumenta:

<<conforme determina el artículo 94 del Texto Refundido en materia de Régimen Local, aprobado por el Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, y artículo 10 de la Ley de Expropiación Forzosa que, a los efectos de legitimar la expropiación en materia municipal, no sólo admite los planes urbanísticos, sino que también se extiende a los proyectos de toda clase de obras y servicios municipales>>

A execución desta obra foi incluída no **Estado de Gastos e Anexo de Investimentos do Orzamento Municipal do Concello de Lousame para o exercicio 2020**, en concreto:

432	60000	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Adquisición de terreos	
		Adquisición terreos Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras	27.000,00





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	60900	Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao interese xeral	
		Agader - Deloa: Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras . Deloa: 45.381,32 + Concello: 14.488,50	59.869,82
	Total 432	Información e promoción turística	86.869,82

AG	Econ.	Investimento	Importe	Concello	Outras AAPP
1532	61900	Pavimentación viarios en Guiende (Tállara) e outro. Deputación	43.397,91	-	43.397,91
1532	61900	Gandarela a Mina de San Fins (Agader + Concello)	66.251,13	11.498,13	54.753,00
160	60000	Adquisición terreos Depuradora A Silva	6.170,79	6.170,79	-
160	60900	Saneamento interior Filgueira (FCA Xunta)	18.623,24	-	18.623,24
165	61900	Renovación luminarias. Fase 2 (IDAE + Concello)	927.271,40	185.454,28	741.817,12
231	62500	Equipamento PAI: tronas e bañeiras	150,00	150,00	-
231	62500	Equipamento Centro de Día: mobiliario	3.850,00	3.850,00	-
337	60900	Aforo enerxético en edificios municipais	10.000,00	3.500,00	6.500,00
342	61900	Melloras nas instalacións deportivas	7.000,00	7.000,00	-
432	60000	Adquisición terreos sendeiro Ponte Abelendo a Carabeiras	27.000,00	27.000,00	-
432	60900	Sendeiro Ponte Abelendo a Carabeiras (Deloa + Concello)	59.869,82	14.488,50	45.381,32
453	60000	Adquisición de terreos estradas	18.112,00	18.112,00	-
920	62500	Adquisición mobiliario oficinas xerais	6.300,00	6.300,00	-
920	62600	Adquisición equipos informáticos oficinas xerais	5.000,00	5.000,00	-
920	63200	Substitución ventanais Casa Consistorial. Deputación	20.715,00	-	20.715,00
920	63200	Substitución luminarias Casa Consistorial. REE	9.000,00	-	9.000,00
TOTAIS			1.228.711,29	288.523,70	940.187,59

Por todo o exposto, este primeiro motivo de impugnación debe ser desestimado.

Quinto: O segundo motivo de impugnación é o seguinte: **Para a execución do investimento é preciso aprobar un Plan Especial de Dotacións.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que na aplicación do artigo 33.1.g) da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no suposto de construcións e instalacións para equipamentos e dotacións, é preciso aprobar un plan especial de dotacións regulado no artigo 71 desa Lei: *"É a figura de Plan Especial a que posúe a capacidade para ordenar o desenvolvemento de equipamentos públicos ou privados como os que se pretenden en solo rústico. É un plan desa natureza o que facultaría, posteriormente o uso da capacidade expropiatoria"*

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 31.08.2020, no que sinala que para a execución deste investimento non é preciso a tramitación dun Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas:

<<A obra que se pretende trata de dar servizo ó tránsito peonil que ata o de agora se leva a cabo pola servidume de pescadores do río Lobo sendo a obra principal o desbroce selectivo e a mellora do firme en distintos puntos (...) para mellorar ese tránsito sen xerar vial algún. Que pase a ser pública a franxa de 4 metros non implica de ningún xeito que se xere un vial. Non se trata polo tanto dun novo vial nen dunha infraestrutura ou dotación pública senón da mellora da citada servidume xerando un sendeiro mais accesible (...) sen xerar con elo un sistema local de infraestruturas>>

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que non é preciso a tramitación dun Plan Especial de Dotación e Infraestruturas:

<<No presente caso, non resulta necesaria a aprobación de ningún instrumento de desenvolvemento urbanístico para a execución da actuación proxectada, pois lonxe de tratarse da implantación dunha dotación ou infraestrutura que deba estar previamente prevista no planeamento urbanístico, ou nunha expropiación de carácter urbanístico, trátase de adecuar ou mellorar o uso peatonal a través dun sendeiro





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

que a normativa sectorial de augas xa impón na zona de servidume que fixa para a protección do dominio público hidráulico (...)

O uso previsto estaría en todo caso permitido segundo o disposto no artigo 35 da Lei 2/2016, de 2 de febreiro do Solo de Galicia, e no seu desenvolvemento a través do Real Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo que establece no seu artigo 50.1 letra c) como usos e actividades admisibles en solo rústico que: (...) Entre as actividades de ocio inclúese o disfrute con fins de esparcemento, (...) sendeirismo e outros, en base a actividades blandas (...) Poden implicar o simple tránsito peatonal, que require un mínimo acondicionamento para a súa práctica, como son pequenas obras integradas na paisaxe (pasos sobre canais, balizamento de sendas, miradores, etc) >>

Por todo o exposto, este segundo motivo de impugnación debe ser desestimado.

Sexto: O terceiro motivo de impugnación é o seguinte: **Non é preciso acometer a expropiación porque a lexislación de augas establece de modo xeral unha zona de servidume de cinco metros de anchura para uso público.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que non hai unha utilidade pública ou interese social obxectivo porque a lexislación en materia de augas xa establece de xeito xeral unha zona de servidume de cinco metros de anchura para uso público.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala:

<<A existencia dunha servidume de paso en ningún caso impide á administración competente de dotar ou mellorar o acceso dos peóns a través dese paso previsto, nin a proxectar sendeiros ou paseos a carón dos ríos que en todo caso inciden na protección e conservación do dominio público hidráulico.

26

Así mesmo, trátase dunha actuación que se encontra autorizada pola propia autoridade competente nesta materia, Augas de Galicia (...)

Trátase dunha senda que se ben ocupa un ancho físico de dous metros, vai serpenteando á carón do río dentro da franxa dos 5 metros de servidume, polo que a afectación desta superficie resulta necesaria para o bo acondicionamento do terreo (...)

En todo caso, se unha vez rematada a execución das obras existise terreo sobrance que non resultase necesario, os interesados poderán solicitar a reversión do mesmo, nos termos establecidos nos artigos 54 e 55 da Lei de Expropiación Forzosa>>

O feito obxectivo que motiva a tramitación do expediente expropiatorio é a execución dun investimento, dunha obra, contida nun determinado proxecto técnico. A obra que se pretende acometer discorre por terreos que neste momento non son de titularidade municipal.

A lexislación contractual das Administracións Públicas esixe o requisito da dispoñibilidade dos terreos para a adxudicación e execución das obras públicas.

O artigo 236 da LCSP preceptúa:

<<1. Aprobado el proyecto y previamente a la aprobación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

misma y la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución. Asimismo se deberán comprobar cuantos supuestos figuren en el proyecto elaborado y sean básicos para el contrato a celebrar.

2. En la tramitación de los expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte y de carreteras, se dispensará del requisito previo de disponibilidad de los terrenos, si bien no se podrá iniciar la ejecución de las obras en tanto no se haya formalizado la ocupación en virtud de la vigente Ley de Expropiación Forzosa.

3. En los casos de cesión de terrenos o locales por Entidades públicas, será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes.

4. Una vez realizado el replanteo se incorporará el proyecto al expediente de contratación.>>

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no seu informe 13/09 do 25.09.2009, ante a consulta do Concello de Benicássim sobre “cando debe esixirse o requisito da dispoñibilidade dos terreos e se tal requisito pode ser acreditado mediante unha cesión dos terreos (por propietarios particulares) necesarios para a execución do contrato de obra” responde:

<<Una de las características del contrato de obras es que las mismas se ejecuten en un bien propiedad del órgano de contratación. A tal fin la Ley de Contratos del Sector Público en su artículo 110.1 dispone que aprobado el proyecto y previamente a la tramitación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución, que será requisito indispensable para la adjudicación en todos los procedimientos, señalando el apartado 2 la excepción referida a tal requisito en los expedientes de contratación referentes a obras de infraestructuras hidráulicas, de transporte y de carreteras, en los que se dispensará del requisito previo de disponibilidad de los terrenos. Respecto de los casos de cesión de terrenos o locales el apartado 3 exige que tales cesiones se efectúen por Entidades públicas, indicando que será suficiente para acreditar la disponibilidad de los terrenos, la aportación de los acuerdos de cesión y aceptación por los órganos competentes>>

27

Por todo o exposto, este terceiro motivo de impugnación debe ser desestimado.

Sétimo: O cuarto motivo de impugnación é o seguinte: **O proxecto non foi obxecto de avaliación de impacto ambiental.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinálase que ao non elaborar o proxecto coma un Plan Especial de Dotación de Infraestructuras, non foi obxecto da avaliación de impacto ambiental, o que supón o incumprimento da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 31.08.2020, no que sinala que para a execución deste investimento non é preciso someter o proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental:

<<O procedemento de avaliación do impacto ambiental aplícase a proxectos, tanto públicos como privados, que consisten en realizar obras, instalación ou calquera outra actividade con efectos ambientais significativos. A Lei 21/2013 distingue dous procedementos de avaliación do impacto ambiental en función do tipo de proxectos de que se trate: avaliación de impacto ambiental ordinaria para as actividades contidas no anexo I (...) e avaliación de impacto ambiental simplificada, para as actividades contidas no anexo II (...). As obras proxectadas non se atopan incluídas dentro de ningún dos anexos I e II da Lei (...)>>





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que <<as obras proxectadas non se encontran suxeitas ao trámite de avaliación de impacto ambiental, segundo o disposto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental (artigo 7 en relación cos Anexos I e II)>>

Por todo o exposto, este cuarto motivo de impugnación debe ser desestimado.

Oitavo: O quinto motivo de impugnación é o seguinte: **Non consta autorización de Patrimonio Cultural**

Nos catro recursos de reposición presentados sinalase que non consta autorización do órgano con competencias en materia de patrimonio cultural, para a realización de obras e actuacións sobre 5 muíños.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, do día 31.08.2020, no que sinala que para a execución deste investimento non é preciso obter autorización de Patrimonio Cultural:

<<As obras proxectadas non se atopan na área de influencia de ningún elemento patrimonial catalogado polo que non se require autorización do Servizo de Patrimonio Cultural. De tódolos xeitos os muíños e outras construcións no entorno non están afectados polas obras polo que se nalgún momento se chegaran a catalogar non se verían prexudicados polas actuacións>>

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A execución das obras definidas no proxecto non afecta a ningún elemento que se encontre catalogado ou protexido nalgún instrumento de planeamento ou outro de carácter vinculante para o Concello, que determine a inviabilidade da actuación>>.

Por todo o exposto, este quinto motivo de impugnación debe ser desestimado.

28

Noveno: O sexto motivo de impugnación é o seguinte: **existe unha contradición entre a designación do proxecto técnico e a realidade, que pode implicar irregularidades no procedemento de obtención da subvención.**

Nos catro recursos de reposición presentados sinalase que existe unha contradición entre a denominación do proxecto e a realidade; e que isto podería implicar irregularidades no procedemento de obtención da subvención.

O proxecto técnico que motiva o expediente expropiatorio denomínase “Sendeiro dente Ponte San Francisco a Carabeiras. Paralelo Río Lobo”; pero existe un erro nesa denominación, posto que o sendeiro parte dende a Ponte de Abelendo.

No Orzamento Municipal, para o exercicio 2020, contéplase o nome correcto da actuación ou investimento:

432	60000	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Adquisición de terreos	
		Adquisición terreos Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras	27.000,00
	60900	Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao interese xeral	
		Agader - Deloa: Sendeiro Ponte de Abelendo a Carabeiras. Deloa: 45.381,32 + Concello: 14.488,50	
		59.869,82	
Total 432		Información e promoción turística	86.869,82

Sen embargo, ese erro na denominación do proxecto, non afecta á definición do investimento. O proxecto técnico é un conxunto de documentos (memoria descritiva e xustificativa, planos de conxunto e detalle,





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

pregos de prescricións técnicas, orzamentos...); e todo ese conxunto é o que define a actuación ou investimento que se pretende acometer.

Por outra banda, este investimento está parcialmente subvencionado. En relación á alusión que fan os catro recorrentes a presuntas irregularidades no procedemento de concesión da subvención, son cuestións totalmente alleas ao expediente expropiatorio e ao acto administrativo impugnado (acordo plenario do día 17.06.2020); que non son competencia nin corresponde a súa resolución ao Pleno Corporativo.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A alegación relativa á falsidade en documento público excede do contido propio do proxecto de obra e do procedemento expropiatorio (...) cuxo contido (...) corresponderá examinar á autoridade competente, previa tramitación da normativa que corresponda>>

Por todo o exposto, este sexto motivo de impugnación debe ser desestimado.

Décimo: O sétimo motivo de impugnación é o seguinte: **vulneración do dereito á intimidade e propia imaxe.**

En dous, dos recursos de reposición (os presentados por José M^a Domínguez Pena e José Manuel Mariño Mariño), indícase que o proxecto contempla a instalación dun panel miradoiro panorámico preto da súa vivenda, considerando que vai sinalizar a existencia dun serradoiro e muíño hidráulico. Isto convertería o seu domicilio nun reclamo turístico, vulnerando o seu dereito á intimidade e á propia imaxe.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A adecuación do sendeiro para o paso peonil en ningún caso atenta contra o dereito á intimidade de ningún interesado. A execución do mesmo respecta a propiedade dos bens e dereitos que non resultan afectados na relación de bens e dereitos afectados, que permanecen inalterables>>

Por todo o exposto, este sétimo motivo de impugnación debe ser desestimado.

Undécimo: O oitavo motivo de impugnación é o seguinte: **incumprimento da obriga de formular relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación.**

En dous, dos recursos de reposición (os presentados por M^a del Pilar Piñeiro González e Josefa González Campos), indícase que non existe unha "Relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación".

- M^a del Pilar Piñeiro González sinala que é titular ao 100% das fincas catastrais 223 e 224 do polígono 502. Estas fincas aparecen erroneamente relacionadas no Anexo do acordo plenario do 17.06.2020 como de titularidade de Josefa González Campos e Isidro Caamaño Castro y otro. Á vista do erro, considera que hai "ausencia de relación concreta e individualizada de propietarios e bens", o que causa indefensión.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<A existencia de erros na relación de titulares, bens e dereitos afectados non determina a nulidade do procedemento expropiatorio, nin supón sen máis a retroactividade do expediente, toda vez que se trata de información que pode ser corrixida no trámite de información pública>>

O artigo 19 da LEF establece ao respecto:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<1. Cualquier persona podrá aportar por escrito los datos oportunos **para rectificar posibles errores de la relación publicada u oponerse, por razones de fondo o forma, a la necesidad de la ocupación.** En este caso, indicará los motivos por los que deba considerarse preferente la ocupación de otros bienes o la adquisición de otros derechos distintos y no comprendidos en la relación, como más conveniente al fin que se persigue.

2. En el caso previsto en el párrafo segundo del artículo diecisiete, cualquier persona podrá **formular alegaciones, a los solos efectos de subsanar posibles errores en la relación.**>>

- Josefa González Campos sinala é titular dunha peza no muíño “Da Carabeira” e de 4 horas de moenda no muíño “Da Devesa”, que se ven afectados polo expediente expropiatorio, sen que tales dereitos reais figuren no Anexo do proxecto “Relación de titulares, bens e dereitos afectados”. O proxecto afecta á canle dos muíños e imposibilita o seu uso futuro. A omisión da identificación dos dereitos reais e titulares en relación aos muíños, xera indefensión e supón o incumprimento da obriga do Concello de formular relación concreta e individualizada dos bens e dereitos de necesaria expropiación.

Consta informe dos servizos técnicos externos municipais, do día 02.09.2020, no que sinala que:

<<Dispón o artigo 3 da LEF que salvo proba en contrario, a Administración expropiante considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que so pode ser destruída xudicialmente, ou, no seu defecto, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, a quen o sexa pública e notoriamente.

Segundo o artigo 4 da LEF, sempre que así o soliciten, acreditando a súa condición debidamente, entenderanse tamén as dilixencias cos titulares de dereitos reais e interese económico directo sobre a cousa expropiable, así como cos arrendatarios cando se trate de inmoables rústicos ou urbanos.

Aínda así, os titulares de dereitos ou intereses sobre o ben expropiado, salvo os arrendatarios rústicos ou urbanos, non percibirán indemnización independente, sen prexuízo de que poidan facelos valer sobre o prezo derivado da expropiación principal. (...)

Da documentación presentada por Josefa González Campos (...) non acredita a titularidade de dereitos afectados ao seu favor.

En todo caso, a execución do proxecto non determina a inviabilidade dos dereitos alegados. Manteranse os cursos de auga existentes e os posibles dereitos existentes sobre eses canais, ou sobre os muíños existentes, que non resultarán afectados>>

Por todo o exposto, este oitavo motivo de impugnación debe ser desestimado.

Dúo décimo: Tal e como se argumentou nos fundamentos xurídicos cuarto a undécimo deste acordo, os motivos de impugnación nos que se basean os recursos de reposición deben ser desestimados.

Sen embargo, no período de información pública do expediente expropiatorio, afloraron feitos que aconsellan modificar o proxecto técnico, co obxecto de:

- Concretar, para garantir o exclusivo acceso peonil da senda.
- Especificar con concisión o respecto absoluto ao medio natural e ao patrimonio, nas actuacións a levar a cabo para executar o proxecto.
- Concretar o contido dos paneis informativos que se contemplan no proxecto técnico; xa que pola indefinición da descrición no proxecto actual, causan preocupación nunha familia.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas preceptúa que:

<<En los procedimientos iniciados de oficio, la Administración podrá desistir, motivadamente, en los supuestos y con los requisitos previstos en las Leyes>>

Á vista dos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Desestimar os seguintes recursos de reposición contra o acordo plenario do día 17.06.2020:

- Recurso interposto por José María Domínguez Pena (RE 1135 do 14.07.2020)
- Recurso interposto por M^a del Pilar Piñeiro González (RE 1158 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por Josefa González Campos (RE 1159 do 15.07.2020)
- Recurso interposto por José Manuel Mariño Mariño (RE 202099900000148 do 24.07.2020)

polos motivos indicados no fundamento xurídico cuarto a undécimo deste acordo.

Segundo: Na aplicación do artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, desistir do actual expediente expropiatorio, polos motivos indicados no fundamento xurídico núm. 12 deste acordo.

Terceiro: Notificar a presente resolución aos interesados, co réxime de recursos aplicables>>

31

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e trinta e seis minutos (21:36 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

